



Artigo 34: Forma de convocatoria

Obxecto da modificación:

Facilitar o funcionamento das asembleas xerais permitindo a utilización de medios electrónicos para a súa convocatoria.

Nova redacción do artigo 34.1:

A asemblea xeral convocarase sempre mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da cooperativa e en cada un dos demais centros nos que desenvolva a súa actividade. Ademais, a convocatoria notificarase ás persoas socias, ben por carta ao seu domicilio ou ben a través de medios electrónicos, se así o establecen os estatutos ou a persoa socia manifesta a súa preferencia pola notificación practicada por medios electrónicos. Os estatutos poderán establecer, ademais, outras formas de publicidade para facilitar o seu coñecemento por todas as persoas socias.

A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días no suposto de asemblea ordinaria e dez días no de asemblea extraordinaria, e cun máximo de dous meses á data da realización da asemblea xeral.

** parte modificada

Artigo 110: Persoal traballador asalariado

Obxecto da modificación:

Facilitar a inclusión laboral das persoas en risco de exclusión a través do traballo en cooperativas e permitir a constitución de funcionamento de empresas de inserción baixo a fórmula de cooperativas de traballo asociado.

Nova redacción do artigo 110.1 letra d):

1. A cooperativa poderá contratar persoal traballador por conta allea. O número de horas/ano realizadas por este persoal non poderá ser superior ao 30% do total das horas/ano realizadas polas persoas socias traballadoras.

Non se computarán nesta porcentaxe:

[...]

d) O persoal traballador contratado en virtude de calquera disposición de fomento do emprego de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social.

** parte modificada

Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019